

Índice

1- Que é Remastersys	1
2- Instalando os paquetes necesarios	1
3- Desmontando e montando unidades de disco ou particións	1
4- Facendo unha copia de seguridade ou un DVD Live	4
5- Queimar un CD ou DVD coa nosa imaxe ISO	5
6- Enlaces de Internet	6
7- Licenza	6

1- Que é Remastersys

Remastersys é unha aplicación coa que se pode:

- Facer unha copia de seguridade do sistema completo, incluíndo datos persoais para un live cd ou dvd que pode usar en calquera lugar e instalar.
- Facer unha copia distribuível do noso sistema operativo Debian ou Ubuntu, pero sen conter os datos de usuarios.

O arquivo ISO resultante pode ser gravado nun CD ou DVD, que será Live e poderá se executado e ata instalado noutro ordenador.

Actualmente, existe unha limitación de tamaño para crear o ficheiro ISO. Isto limita o tamaño máximo de arquivo único para o iso a ser fixado en 4GB, co que é mellor pensar en remastersys Backup como unha ferramenta para backup dos seus programas e os seus arquivos persoais de configuración, deixando os seus arquivos de datos fora do Backup.

2- Instalando os paquetes necesarios


O paquete necesario é o chamado “**remastersys**”. Este paquete non está nos repositorios de Ubuntu, polo que terás que incluír os repositorios de **remastersys** antes de poder instalalo. Podes ver un [videotutorial](#) de como facelo no punto anterior.

3- Desmontando e montando unidades de disco ou particións

Á hora de facer unha copia de seguridade do noso sistema ou unha distribución Live do noso sistema operativo, teremos que ter en conta que se gardarán tamén os datos que estean nas particións montadas. Por partición montada entendemos aquela que é accesible nun determinado momento polo sistema operativo, independentemente dos permisos que nos teñamos sobre ela.

Así, se queremos ver cales das particións están montadas, abrimos unha consola “**Aplicativos -> Accesorios -> Terminal**” e escribimos:

- **mount**



```
Ficheiro  Editar  Ver  Terminal  Axuda
profesor@PC_win_pepe:~$ mount
/dev/sda5 on / type ext4 (rw,errors=remount-ro)
proc on /proc type proc (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /sys type sysfs (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /sys/fs/fuse/connections type fusectl (rw)
none on /sys/kernel/debug type debugfs (rw)
none on /sys/kernel/security type securityfs (rw)
none on /dev type devtmpfs (rw,mode=0755)
none on /dev/pts type devpts (rw,noexec,nosuid,gid=5,mode=0620)
none on /dev/shm type tmpfs (rw,nosuid,nodev)
none on /var/run type tmpfs (rw,nosuid,mode=0755)
none on /var/lock type tmpfs (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /lib/init/rw type tmpfs (rw,nosuid,mode=0755)
/dev/sda4 on /unidadeD type vfat (rw,utf8,umask=007,gid=46)
binfmt_misc on /proc/sys/fs/binfmt_misc type binfmt_misc (rw,noexec,nosuid,nodev)
gvfs-fuse-daemon on /home/profesor/.gvfs type fuse.gvfs-fuse-daemon (rw,nosuid,nodev,user=profesor)
profesor@PC_win_pepe:~$
```

A primeira liña que amosa é a seguinte:

/dev/sda5 on / type ext4 (rw,errors=remount-ro)

O que nos está a dicir é que está montada a partición **sda5**, o tipo de particións é **ext4** (que corresponde a un formato Linux) e está montada con propiedades de **rw** (lectura e escritura). Esta primeira partición sempre corresponde á que ten instalado o sistema operativo, e polo tanto sempre ten que estar montada.

O seguinte amosa a estrutura de directorios montados necesarios para o S.O.

Nos imos á liña:

/dev/sda4 on /unidadeD type vfat (rw,utf8,umask=007,gid=46)

Esta de novo se refire a unha partición, a número 4 do disco duro a (**sda4**), e tipo **vfat**, e é accesible con propiedades **rw** (lectura e escritura). Unha partición vfat é de tipo Windows, aínda que como vemos tamén pode ser utilizada por Linux.

Supoñamos que a min non me interesa que faga copia de seguridade dos datos contidos nesta partición. Entón teño que desmontala, e para elo fago:

- `sudo bash`
- `umount /dev/sda4`

E de novo comprobo as particións montadas:

- `mount`

```

Ficheiro  Editar  Ver  Terminal  Axuda
profesor@PC_win_pepe:~$ sudo bash
[sudo] password for profesor:
root@PC_win_pepe:~# umount /dev/sda4
root@PC_win_pepe:~# mount
/dev/sda5 on / type ext4 (rw,errors=remount-ro)
proc on /proc type proc (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /sys type sysfs (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /sys/fs/fuse/connections type fusectl (rw)
none on /sys/kernel/debug type debugfs (rw)
none on /sys/kernel/security type securityfs (rw)
none on /dev type devtmpfs (rw,mode=0755)
none on /dev/pts type devpts (rw,noexec,nosuid,gid=5,mode=0620)
none on /dev/shm type tmpfs (rw,nosuid,nodev)
none on /var/run type tmpfs (rw,nosuid,mode=0755)
none on /var/lock type tmpfs (rw,noexec,nosuid,nodev)
none on /lib/init/rw type tmpfs (rw,nosuid,mode=0755)
binfmt_misc on /proc/sys/fs/binfmt_misc type binfmt_misc (rw,noexec,nosuid,nodev)
gvfs-fuse-daemon on /home/profesor/.gvfs type fuse.gvfs-fuse-daemon (rw,nosuid,nodev,user=profesor)
root@PC_win_pepe:~#

```

Observo que xa non está montada a partición /dev/sda4.

Tampouco hai montada ningunha partición mais. Se tiveramos unha unidade extraíble, como unha chave USB tamén aparecería.

É necesario tamén desmontar as unidades de rede ou recursos de rede ós que esteamos accedendo antes de comezar a facer a copia de seguridade.

Outra maneira de montar e desmontar particións, así como borrar e formatar particións e ter completa información delas é mediante **Sistema -> Administración -> Utilidade de disco**:

Dispositivos de almacenamento

- Almacenamento local: profesor@localhost
- Adaptador de equipo PATA: ICH9M/M-E 2 port SATA IDE Controller
- Disco rtxido 250 GB: ATA ST9250827AS
- Dispositivo CD/DVD: Optiarc DVD RW AD-7560S
- Adaptador de equipo PATA: ICH9M/M-E 2 port SATA IDE Controller

Unidade

Modelo:	ATA ST9250827AS	Número de serie:	5RG71H56
Versión de firmware:	3.AAA	Nome mundial (World Wide):	0x5000c50011dbbda5
Localización:	Porto 1 de Adaptador de equipo PATA	Dispositivo:	/dev/sda
Caché de escritura:	Activado	Taxa de rotación:	5400 RPM
Capacidade:	250 GB (250059350016 bytes)	Conexión:	ATA
Particionado:	Registro de arranque mestre (MBR)	Status de SMART:	● O disco está san

Formatar unidade
Borrar ou particionar a unidade

Benchmark
Medir o rendemento da unidade

Datos SMART
Ver datos SMART e executar as verificacións

Volumes

100 GB NTFS	Estendido 92 GB	58 GB FAT
Espazo de l... 3,0 GB	24 GB ext4	64 GB ext4

Uso: Sistema de ficheiros
Tipo de partición: Linux (0x83)
Bandeira da partición: -
Tipo: Ext4 (versión 1.0)
Etiqueta: -

Dispositivo: /dev/sda7
Etiqueta da partición: -
Capacidade: 24 GB (24432869376 bytes)
Dispoñíbel: -
Punto de montaxe: Non montado

Montando o volume
Montando o volume

Formatar o volume
Borrar e formatar o volume

Comprobar o sistema de ficheiros
Comprobar e reparar o sistema de ficheiros

Editar a etiqueta do sistema de ficheiros
Cambiar a etiqueta do sistema de ficheiros

Editar partición
Cambiar o tipo de partición, etiqueta e bandeiras


Borrar partición
Eliminar a partición

4- Facendo unha copia de seguridade ou un DVD Live.


Chegou o momento de executar o programa **remastersys**. Premo en “**Sistema -> Administración -> Remastersys Backup**”. Se non aparece neste menú o enlace ó programa, podo incluílo executando nunha consola o programa “**alacarte**”, ou ben escribo nunha consola:

- `sudo bash`
- `remastersys-gui`

Premo en **Aceptar** a mensaxe de aviso e aparece:



O que fago é personalizar a copia de seguridade que farei: premo en **Modify** e **Aceptar**:



Modifico as opcións que considere oportunas:

- **Username** refírese ó nome de usuario que executará o CD ou DVD Live.
- **Title** é o nome do CD ou DVD.

- **Filename** é o nome da imaxe ISO que preparará para queimar nun CD ou DVD.
- **Working Directory** é o directorio onde gardará todos os datos da copia de seguridade é imaxes.
- **Files to exclude**: os arquivos que non queremos que sexan gardados na copia de seguridade.

Cando remato premo en **Go to the main menu** (voltar ó menú principal).


As distintas opcións é o que fan:

- **Backup**: Fai unha copia de seguridade completa incluíndo os datos de usuario (arquivos de traballo, configuracións personalizadas, etc.)
- **Dist**: Fai unha distribución Live para compartir con amigos, ou para instalar noutra máquina. Os datos de usuario non serán gardados, pero si algúns datos que poden ser sensibles, como claves de redes Wifi. *Persoalmente non comprobei se tamén garda chaves privadas de cifrado, pero sería aconsellable comprobalo, non vai a ser que comprometamos a seguridade para a que son deseñadas.*
- **Distcdfs**: Prepara o sistema de ficheiros para ser realizada posteriormente unha imaxe ISO coa opción seguinte. Permítenos incluír arquivos na estrutura de directorios que serán gardados no DVD o CD Live.
- **Distiso**: Prepara unha imaxe ISO para que poidamos gardala posteriormente nun CD ou DVD. A estrutura de arquivos e directorios ten que estar preparada (opción anterior).
- **Modify**: Explicado anteriormente, permite modificar determinadas opcións do programa.
- **Clean**: Borra todos os arquivos de traballo da última copia de seguridade para comezar unha nova ou para liberar espacio no disco duro.
- **Info**: Información do programa.
- **Quit**: Para saír do programa.

Agora o mais importante é probar o programa para perderlle o medo.

5- Queimar un CD ou DVD coa nosa imaxe ISO

Para elo, unha vez que teñamos a imaxe ISO preparada utilizamos o **Brasero**, indo a **Aplicativos -> Son e vídeo -> Gravador de discos Brasero**:



6- Enlaces de Internet.

- [Falando das Tics.](#)
- [Remastersys.](#)

7- Licenza

Esta obra está licenciada cunha licencia **Creative Commons**.

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debese facer cunha licencia igual á que regula a obra orixinal.

En calquera explotación da obra autorizada por a licencia fará falla recoñecer a autoría, así como nas posibles obras derivadas.

A explotación autorizada inclúe a creación de obras derivadas sempre que manteñan a mesma licencia, tanto ó non ser ou ó ser divulgadas.



Remastersys por **Alejandro Vilela González** atópase baixo unha Licencia [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported](#).